
BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN ARQUIVEIRO/A - BIBLIOTECARIO/A MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN DO CONCELLO DA CAPELA.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de febreiro de dous mil dez, aprobou as bases para a contratación laboral temporal dun arquivista/a - bibliotecario/a, polo sistema de concurso oposición.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a provisión temporal a tempo completo dun posto de traballo de arquivista/a ó bibliotecario/a para o Concello da capela, por concurso-oposición libre.

O contrato terá a consideración de persoal laboral temporal a xornada completa (37,5 horas/ semanais), sendo o periodo de contratación nove meses sendo as retribucións brutas en cómputo anual as previstas na RPT do orzamento municipal para o exercicio 2010.

A xornada laboral desempeñárase de luns a venres de 11: 00 a 14:00 horas pola mañá e de 16:00 a 20:00 horas pola tarde, ós sábados pola mañá o horario será de 10:00 a 12:30 horas.

En todo o non previsto nas presentes Bases serán de aplicación supletoriamente o procedemento selectivo: o Real Decreto Lexislativo 1/1995 de 24 de marzo do Estatuto dos Traballadores; a Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Emprego público; a Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local; Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e demais normas concordantes de xeral aplicación.

SEGUNDA.- Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte neste procedemento selectivo e, en consecuencia, para ser contratado, os aspirantes deberán reunir ou estar en condicións de obtelos á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, todos e cada un dos seguintes requisitos:

1.- Te-la nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

3.- Estar en posesión do título de:

- Licenciado/a en Xeografía e Historia, especialidade: Biblioteconomía arquivística e documentación.

A referida titulación deberá poseerse no momento de solicita-la admisión no proceso selectivo.

4.-Posui-la capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida o desempeño das actividades propias do obxecto do contrato.

5.- Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos términos o acceso ó emprego público.

Todos os requisitos esixidos deberán reunirse o día en que remate a presentación de instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección ata o momento de nomeamento.

TERCEIRA.- Solicitudes e admisión de aspirantes.

As instancias solicitando tomar parte no concurso-oposición, nas que os aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base segunda, referido sempre á data de expiración do prazo máis adiante sinalado para a presentación das mesmas, dirixiranse ó Sr. Presidente do Concello da Capela, e presentaranse no Rexistro Xeral deste en horas de oficina (09:00 h. a 14:00 h) e dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar do seguinte a aquel no que apareza publicado un extracto desta convocatoria no xornal *Diario de Ferrol* e anuncio no taboleiro de edictos do Concello, se o último día fose inhábil prorrogarase ata o día seguinte hábil.

As instancias tamén poderán presentarse en forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Á instancia acompañarase a documentación xustificativa dos méritos alegados polos aspirantes, (orixinais ou fotocopias compulsadas) a que se refire a base séptima, así como:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou equivalente.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida conforme á Base 2ª.
- Curriculum vitae, acompañando de fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos e circunstancias alegados que deban ser valorados.
- Xustificante do pago de dereito de exame, que será de 60,00 euros e se ingresarán na Conta do Concello na entidade bancaria Caixa Galicia, Oficina da Capela (CCC 2091 ó 0220- 50 ó 3110000019) ben en efectivo ou mediante transferencia consignando o texto "Dereitos de exame concurso-oposición de Arquivista/a Bibliotecario /a e figurando como ordenante o propio opositor. Non procederá devolución ningunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causa imputable ó interesado, tales como non cumprir os requisitos ou non aportar os

documentos esixidos na convocatoria. En ningún caso o abóo dos dereitos de exame supoñerá a substitución da presentación en tempo e forma da solicitude ante o órgano expresado no primeiro parágrafo desta Base 3ª.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de cinco días, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, sinalarase un prazo de tres días hábiles para subsanación. Transcorrido o prazo de subsanación pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello.

Na mesma resolución determinarase o lugar, data e hora de celebración do primeiro exercicio e a composición nominal do tribunal de selección. O chamamento para posteriores exercicios farase mediante publicación no taboleiro de edictos da Corporación.

Se a lista provisional de admitidos e excluídos non contuvera ningún aspirante excluído, e por tanto, non tivera sentido o prazo para subsanación de erros, a lista provisional poderá ser considerada definitiva, habendo por tanto de conter tódolos requisitos esixidos para dita resolución.

Os erros materiais, de feito ou aritméticos, poderán subsanarse en calquera momento, de oficio ou a instancia do interesado.

CUARTA.- Tribunal de Selección.

Valorará os méritos alegados polos aspirantes así como a fase de oposición a cada un destes. Estará composto por:

- Presidente. O Secretario do Concello ou persoal laboral fixo deste ou outro municipio da provincia.

- Secretario. Un funcionario con habilitación de carácter Nacional, designado pola Alcaldía.

- Vogais:

- Dous funcionarios con Habilitación de carácter Nacional.

- Un/Unha bibliotecaria/o arquivista con categoría de funcionario/a da Administración Local.

A designación dos membros do Tribunal incluírá a dos respectivos suplentes, ós que será de aplicación as mesmas prescricións que ós titulares.

O Tribunal de Selección poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores que se limitarán ó exercicio das súas especialidades técnicas, en base exclusivamente ás cales colaboran co Tribunal.

Correspóndelle ó Tribunal o desenvolvemento e calificación das probas selectivas a que se fai referencia nestas bases e os seus correspondentes anexos.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, polo menos de Presidente, secretario/a e a metade de vogais, podendo acudir indistintamente a cada sesión que se celebre o/a titular ou ben o seu suplente e estará facultado para resolver as cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas e adopta-los acordos necesarios para o debido orde das mesmas en todo o non previsto nestas bases. Adoptará as súas decisións por maioría de votos presentes, resolvendo, no caso de empate, o voto de calidade do que actúe como Presidente.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificandoo ó Alcalde, e poderán ser recusados cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da LRJ-PAC. A Alcaldía resolverá no prazo de tres días sobre abstención ou recusación, no seu caso, formulada.

Os membros do tribunal son persoalmente responsables do estricto cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición ós prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados.

As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

QUINTA.- Comenzo e desenvolvemento do proceso selectivo.

Unha vez comenzadas as probas selectivas, os anuncios publicaranse sempre no taboleiro de anuncios do Concello da Capela.

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, salvo casos de forza maior, debidamente xustificados e apreciados polo Tribunal. A non presentación dun aspirante á oposición, determinará automaticamente o decaimento do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluído, en consecuencia do procedemento selectivo.

A orde de actuación dos aspirantes será o que se estableza con carácter xeral para a Administración Autonómica de Galicia.

Tódolos aspirantes deberán ir provistos do D.N.I. ou documento equivalente.

SEXTA.- Procedemento de selección.

O procedemento de selección do aspirante constará das seguintes fases coa seguinte orde de execución:

- Fase concurso.
- Fase oposición.

SÉPTIMA.- Da fase de concurso.

Na fase de concurso de méritos só participarán aqueles aspirantes que aprobouse os dous exercicios da fase de oposición, valorándose os seguintes méritos e o baremo proposto:

- **Formación:** O Tribunal de selección valorará os cursos realizados debidamente acreditados. Só se valorarán aqueles cursos, congresos, seminarios e xornadas que versen sobre materias de arquivos e se especifique nos títulos acreditativos o número de horas lectivas (máximo 5 puntos):
 - Cursos de hasta cincuenta horas lectivas: 0, 50 puntos por cada curso.
 - Cursos de máis de 50 horas lectivas: 1,50 puntos por cada curso.

- **Experiencia profesional:** O tribunal de selección valorará a experiencia profesional que se xustifiquen documentalmente. A puntuación total asignada por experiencia non poderá exceder de 5 puntos.
 - Por traballos realizados en arquivos e/ou bibliotecas municipais : 0,15 puntos por mes completo traballado.
 - Por traballos realizados noutros arquivos e/ou bibliotecas: 0,10 puntos por mes completo traballado.
 - Por traballos realizados como bolseiro/a en calquer arquivo e/ou biblioteca : 0,05 puntos por mes completo traballado.
- **Cursos de galego:**
 - Curso de iniciación: 0,25 puntos.
 - Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos.
 - Curso de linguaxe administrativa nivel medio e superior: 1 punto.
- **Informática:**
 - Curso de xestión programa Meiga: nivel básico: 1 punto.
 - Curso de xestión programa Meiga: nivel avanzado: 2 puntos.

Para a valoración dos méritos na fase de concurso teranse en consideración que:

1. Os méritos deberán acreditarse documentalmente mediante fotocopias debidamente cotexadas cos orixinais no momento de presentación da solicitude de admisión ás probas selectivas obxecto das presentes bases.

2. Os cursos só se valorarán se consta a súa duración en horas e foron convocados u organizados pola Administración do Estado, das Comunidades Autónomas, das Entidades Locais, Universidades, Institutos ou escolas oficiais de formación de funcionarios, colexios oficiais ou outras entidades ou centros docentes públicos ou privados dos contemplados na Lei Orgánica 8/1985 de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, e demais

lexislación de aplicación, cando fosen homologados polos institutos ou Universidade, ou incluídos nos planes de formación continua.

3. Aquelas actividades de natureza diferente ós cursos, tales como xornadas, encontros, debates ou outras análogas non serán obxecto de valoración.

4.- Só se valorarán aqueles méritos obtidos ou computados ata a data en que remate o prazo de presentación de instancias.

OCTAVA.- Fase de oposición.-

Consistirá na realización dunha proba tipo test comprensiva do temario que figura como anexo das presentes bases. A proba consistirá na contestación de cincuenta preguntas con respostas alternativas, nun tempo máximo de 60 minutos.

Para aprobar esta fase será necesario que o opositor/a responda correctamente a lo menos 25 preguntas das propostas. En caso contrario quedará automaticamente eliminado do concurso ó oposición.

NOVENA.- Clasificación definitiva, relación de aprobados, proposta de contratación e presentación de documentos:

A suma das puntuacións alcanzadas por cada aspirante aprobado na fase oposición, máis as obtidas pola valoración dos méritos aducidos na fase de concurso, determinará a orde da clasificación definitiva.

No caso de empate, tra-lo cómputo do resultados das dúas fases, producido entre dous ou máis aspirantes o orde establecerase atendendo ás mellores puntuacións obtidas na fase de oposición. De persistir o empate, este dirimirase segundo a puntuación obtida na fase de concurso. De non ser posible desfácese-lo empate decidirse por sorteo.

Rematada a calificación dos aspirantes, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello da Capela un anuncio no que apareza a relación de aspirantes aprobados por orde de puntuación, precisándose que o número de aprobados non poderá rebasar o número de prazas vacantes convocadas. Dita relación elevarase ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello da

Capela, formulando a correspondente proposta de contratación. Non obstante, co fin de asegura-la cobertura das prazas convocadas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes da súa contratación como persoal laboral temporal deste Concello, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos opositores que sigan ós propostos, para o seu posible nomeamento e posterior contratación (artigo 61.8 da Lei //2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público).

O aspirante proposto para a súa contratación verase obrigado a presentar na Secretaría Xeral do concello da Capela, dentro do prazo de vinte días naturais seguintes ó da publicación da relación de aprobados a que fai referencia o parágrafo anterior, os documentos acreditativos das condicións que para tomar parte no concurso esixese na base segunda desta convocatoria. O Tribunal efectuará a proposta de contratación do aspirante que máis puntuación obtivese pola suma aritmética dos resultados obtidos nas fases concurso e oposición.

Do mesmo o Tribunal propondrá unha BOLSA DE TRABALLO cos aspirantes que superado o procedemento selectivo non obtiveran praza.

Se dentro do prazo indicado e salvo os casos de forza maior, o aspirante proposto non presenta a súa documentación ou non reunira os requisitos esixidos, non poderá ser contratado sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na instancia solicitando tomar parte no concurso-oposición. Neste caso, o Sr. Alcalde-Presidente resolverá a contratación a favor do aspirante que, habendo superados as fases selectivas sea o seguintes na orde da lista definitiva de puntuación (artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público).

O resto de candidatos non seleccionados pasará a integrar unha BOLSA DE TRABALLO, sendo a orde de preferencia para a eventual contratación (suplencias, baixas médicas, vacacións...) o obtido segundo a calificación no proceso selectivo. No caso de renuncia dos aspirantes seleccionados ou que resultase necesario a provisión de máis postos dos inicialmente previstos, procederase á contratación dos integrantes de dita bolsa de traballo.

DÉCIMA.- Incidencias.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adopta-las resolucións, criterios ou medidas necesarias para o bo orde de concurso- oposición.

Contra as presentes bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ó Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no xornal òDiario de Ferrolö (artigo 46 da Lei 29 de 1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa).

A CAPELA, 18 de febreiro de 2010

**Vº E PRACE,
O ALCALDE,**

O SECRETARIO,

Asdo.: Angel López Sueiro.

Asdo.: José A. Meizoso Paz.